

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 16 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Luz María González Domínguez, xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 2)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a TALLERES FONTÁN, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. RECALVI, S.L.: Deberá presentar novamente o DEUC e o anexo III de RIC MOTORSPORT VIGO, S.L. e WAVECORE, S.L. asinados dixitalmente polas persoas con poder de representación de cada unha das empresas (a firma manuscrita non ten validez).
 2. RODI GALICIA, S.L.: deberá presentar un novo Anexo II no que se comprometa a adscribir ao contrato os medios esixidos no apartado 5F das FEC do PCAP no apartado d).
 3. ÓSCAR CASTRO GÓMEZ: infórmase que o anexo III do PCAP está previsto para os supostos en que o licitador concorra á licitación con solvencia dun terceiro que sería quen tería que asinar o citado documento. Nese suposto tamén se debería indicar esta circunstancia no DEUC (*Parte II - C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades/entidades - ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*) e o terceiro debería presentar un DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente. Se realmente non concorre a esta licitación con solvencia dun terceiro e a presentación do Anexo III é errónea, deberá presentar un escrito aclarando esta circunstancia e solicitando deixar sen efecto este documento.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a 3 dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses coa única licitadora admitida. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con ela.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía o 13 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xuño de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula".

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír a D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarse do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados ("a concretar") que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).

En relación co lote 1, concédese un prazo de 3 días a D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE para que indique que fotografías das enviadas no sobre A se corresponden con este lote.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 2 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP ("A documentación presentarse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").
- Sesión do 8 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a D^a. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Sesión do 16 de xuño de 2022 pola que se acorda excluír a D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarse do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados ("a concretar") que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 1 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 " Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	95 puntos

Terceiro.- Requirir á licitadora clasificada en primeiro lugar, BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (**.*66.65*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado pola arquitecta técnica Xiana Alonso Población.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación con data 23 de marzo de 2022.

3º.- Autorizar o gasto total de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (235.257,24 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de CORENTA MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (40.829,77 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,03
2	LAPATIÁN, S.L.	83,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 10 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 9 de xuño de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307) por un prezo total de 211.731,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.746,79 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:24	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A546-512525-28B9B7-LCDR78-6VFTK5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		